

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 16-07-2026, ditou a resolución con número 2031/2026 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da proposta de nomeamento e listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a execución do programa de carácter temporal denominado “Brigada de prevención e defensa contra Incendios forestais 2026” e de tres Operarios de motobomba.

EXPEDIENTE: 2026/E001/000009

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía núm.1515/2026, do 20 de xuño de 2026, aprobáronse as Bases reguladoras da convocatoria pública e do proceso selectivo para a selección e incorporación como funcionarios interinos para a execución do programa de carácter temporal denominado “Brigada de prevención e defensa contra Incendios forestais 2026” e de tres Operarios de motobomba.

Publicouse anuncio da convocatoria no BOP de A Coruña núm. 108 do 10/06/2026.

Segundo.- Con data 09/07/2026 publicouse, anuncio da Acta núm. 4 do Tribunal cualificador, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e, de forma supletoria, na páxina web municipal (www.carballo.gal), da proposta de nomeamento e da Listaxe de Agarda de persoal funcionario interino para a execución do programa de carácter temporal denominado “Brigada de prevención e defensa contra Incendios forestais 2026” e de tres Operarios de motobomba. Nesta acta, recóllese polo tribunal as propostas nos seguintes anexos:

- Anexo IV: proposta de nomeamento de persoal funcionario interino para cadansúa categoría.
- Anexo V:proposta de listaxe de agarda de persoal funcionario interino para cada categoría.

Transcorrido o prazo de reclamacións aberto coa dita publicación de 3 días hábiles, non se presentaron alegacións á mesma polo que dita proposta se eleva á aprobación da Alcaldía.

Á vista do anterior, de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como persoal funcionario interino para a execución do programa de carácter temporal denominado “Brigada de prevención e defensa contra Incendios forestais 2026” e de tres Operarios de motobomba, segundo a proposta elevada polo Tribunal Selectivo a esta Alcaldía, incluída na acta núm. 4 para cada unha das categorías correspondentes, tras a finalización do proceso selectivo.

PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA CADANSÚA CATEGORÍA.

➤ 1 Praza de **XEFE DE BRIGADA:**

Nº	DNI	Apelidos	Nome	CONCURSO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	TOTAL
1	**65403**	Muño Bello	Manuel	2,00	Apto	APTO	8,60	10,60

➤ 1 Praza de **PEÓN CONDUTOR:**

Nº	DNI	Apelidos	Nome	CONCURSO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	TOTAL
1	**35716**	Piña Loureiro	Gustavo	1,50	Apto	APTO	9,25	10,75

➤ 3 Prazas de **PEÓN DE BRIGADA:**

Nº	DNI	Apelidos	Nome	CONCURSO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	TOTAL
1	**65403**	Muño Bello	Ivan	2,00	Apto	APTO	10,00	12,00
2	**35716**	Piña Loureiro	Gustavo*	1,50	Apto	APTO	9,50	11,00
3	**65403**	Muño Bello	Manuel*	2,00	Apto	APTO	9,00	11,00

➤ 3 Prazas de **OPERARIOS DE MOTOBOMBA:**

Nº	DNI	Apelidos	Nome	CONCURSO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	TOTAL
1	**20204**	Tarrío Castro	Jose Manuel	1,10	Apto	APTO	10,00	11,10
2	**36658**	Costa Tato	Jose Manuel	1,20	Apto	APTO	8,70	9,20
3	**15129**	Bujan Lopez	Xabier	0,10	Apto	APTO	9,00	9,10

***As persoas aspirantes que están incluídas na proposta de nomeamento para dúas prazas deberán optar por unha delas, mediante escrito que deberán presentar na sede electrónica do concello de Carballo.**

Segundo.-Aprobar a creación dunha **listaxe** de agarda para a cobertura de persoal funcionario interino para a execución do programa de carácter temporal denominado “Brigada de prevención e defensa contra Incendios forestais 2026” e de tres Operarios de motobomba, segundo a proposta elevada polo Tribunal Selectivo a esta Alcaldía, incluída na acta (núm. 4), e de conformidade ao indicado na Base 7.4 (*Cualificación final e relación de aprobados*) da convocatoria.

PROPOSTA DE LISTAXE DE AGARDA DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO PARA CADA CATEGORÍA.

➤ 1 Praza de **XEFE DE BRIGADA:**

Nº	DNI	Apelidos	Nome	CONCURSO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	TOTAL
1	**20204**	Tarrío Castro	Jose Manuel	1,10	Apto	APTO	7,80	8,90
2	**65403**	Muño Bello	Ivan	2,00	Apto	APTO	6,50	8,50
3	***96044**	Martino Ríos	Silvia	0,00	Apta	APTA	8,20	8,20

➤ **1 Praza de PEÓN CONDUTOR:**

Nº	DNI	Apelidos	Nome	CONCURSO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	TOTAL
1	**38541**	Guillamet Suarez	Jorge	0,00	Apto	APTO	9,75	9,75

➤ **3 Prazas de PEÓN DE BRIGADA:**

Nº	DNI	Apelidos	Nome	CONCURSO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	TOTAL
1	**36658**	Costa Tato	Jose Manuel	1,20	Apto	APTO	9,50	10,70
2	**38541**	Guillamet Suarez	Jorge	0	Apto	APTO	9,00	9,00
3	**15855**	Goimil Fernandez	Javier	0	Apto	APTO	8,75	8,75
4	**11986**	Camean Garcia	Alba	0	Apto	APTA	8,00	8,00

➤ **3 Prazas de OPERARIOS DE MOTOBOMBA:**

Nº	DNI	Apelidos	Nome	CONCURSO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	TOTAL
1	**90634**	Pereira Blanco	Sergio	0,20	Apto	APTO	8,50	8,70

Terceiro.- Esta listaxe de agarda de persoal funcionario interino para cada unha das categorías ofertadas, empregárase para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por aproveitamento de licenzas regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia dos/as seleccionados/as.

Cuarto.- A xestión desta listaxe de agarda de persoal laboral temporal realizarase segundo ao indicado na **Instrución vixente** sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para a contratación de persoal laboral temporal do Concello de Carballo (BOP núm. 31 do 14/02/2025).

Cuarto.- Publíquese a presente Resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e, de forma supletoria, na páxina web municipal, aos efectos de notificación e presentación de alegacións ou recursos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer **recurso contencioso-administrativo** ante o Xulgado Contencioso Administrativo de A Coruña, no prazo de dous meses (contados desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer **recurso de reposición** ante o Alcalde do Concello de Carballo, no prazo dun mes (contado desde o día seguinte ao da publicación da listaxe no taboleiro de anuncios do concello de Carballo). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou produza efectos a desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición.

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2026/E001/000009
Exp. 2026/G003/002177

novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales